

PLAN DE ORIENTACIÓN CEIPP A FRAGA



ÍNDICE:

1. XUSTIFICACIÓN
 - 1.1. REFERENCIAS LEGISLATIVAS MAIS RELEVANTES
 - 1.2. BASES TEÓRICAS
 - 1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E CONTEXTO SOCIOECONÓMICO
2. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 2.1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
(en adiante D.O.)
 - 2.2. TAREFAS E FUNCIÓNS DOS SEUS COMPOÑENTES
 - 2.2.1. COORDINADORES E TITORES
 - 2.2.2. PROFESORADO DE APOIO: PT e AL
 - 2.2.3. XEFATURA DO DO
 - 2.2.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
 - 2.2.5. COORDINADOR/A DE BENESTAR E CONVIVENCIA
3. OBXECTIVOS
 - 3.1. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO
 - 3.2. OBXECTIVOS REFERIDOS AO CENTRO
 - 3.3. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO
 - 3.4. OBXECTIVOS REFERIDOS AS FAMILIAS
 - 3.5. OBXECTIVOS REFERIDOS A COLABORACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS
4. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O PRESENTE CURSO
5. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO D.O.
6. AVALIACIÓN
7. PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA
8. PROGRAMACIÓN AUDIÇÃO E LINGUAXE
- ANEXO I. PLAN XERAL ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- ANEXO II. PLAN DE ACOLLIDA

1. XUSTIFICACIÓN

1.1. REFERENCIAS LEGISLATIVAS MAIS RELEVANTES:

A normativa vixente que regula a orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional nesta Comunidade Autónoma está fundamentada polo Decreto 120/98 do 23 de abril e a Orde do 24 de xullo de 1998, respectivamente. Ambos textos legais establecen a composición, as accións prioritarias, o funcionamento e a organización dos servizos de orientación: departamentos de orientación e equipos de orientación específicos.

A elaboración do presente Plan de Orientación levouse a cabo dende o Departamento de Orientación, sendo responsable da súa redacción o Xefe do Departamento tal e como se sinala na normativa vixente ao respecto.

A normativa básica que guiará a actuación do Departamento de Orientación, atendendo aos últimos cambios normativos é a seguinte:

- **Constitución Española** do 6 de decembro de 1978
- **Decreto 374/96**, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Ed. Infantil e dos Colexios de Ed. Primaria.
- **Orde do 22 de xullo de 1997** pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- **Decreto 120/1998**, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación.

- **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritaria dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Lei 4/2011**, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Lei orgánica 3/2020** do 29 de decembro pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
 - **Orde do 8 de setembro de 2021** que se desenvolve o Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da C.A. de Galicia.
 - **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño**, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
 - **Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia
 - **Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
 - **Orde do 30 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, pola que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e regulase a avaliación nesa etapa educativa.
 - **Orde do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e regulase a avaliación nesa etapa educativa
 - **RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
 - **Resolución do 20 de xuño de 2023**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece a Rede de Acompañamento e Orientación persoal e familiar de Galicia (RAOGAL), creada con carácter experimental ao abeiro da resolución do 14 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o curso 2023-2024.
 - **Orden do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
 - **Outras que podan saír ao longo do curso.**

1.2. BASES TEÓRICAS:

É preciso sinalar que a actuación do Departamento de Orientación responderá ao enfoque que entende a orientación como unha tarefa de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo a persoa orientadora un elemento dinamizador do proceso.

- O modelo que adoptamos é o *modelo de programas* caracterizado por:
- Desenvolverse en función das necesidades do centro e do alumnado.
 - Dirixirse a todo o alumnado.
 - O suxeito é un axente activo do seu propio proceso de orientación.
 - Establécese ao longo dun continuo temporal.
 - Lévese a cabo un seguimento e avaliación continua dos procesos.
 - Implica a todos os axentes educativos.
 - A persoa orientadora é un membro máis do equipo docente.
 - Abre o centro á comunidade.

Polo tanto, pódese concluír sinalando que a orientación é unha actividade planificada, de marcado carácter preventivo, sistemática, integrada no currículo, cooperativa e coordinada, así como dirixida ao colectivo e a todos os niveis (afectivo, cognitivo, social...) actuando non só sobre o alumno, senón tamén sobre o medio.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E CONTEXTO SOCIOECONÓMICO:

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe A Fraga está na Avenida da Habana en As Pontes de García Rodríguez, nunha zona semiurbana. Tanto as características sociais e culturais de As Pontes, como as características físicas e organizativas do colexio reflíctense no seu Proxecto Educativo.

A grandes resgos, sinalar que e os ingresos familiares veñen en gran medida, das industrias e o sector servizos. A maioría das familias son castelán falantes e teñen un nivel socioeconómico e cultural medio alto, o que permite que os seus fillos e fillas poidan acceder a diferentes actividades de ocio e consumo infantil fóra do centro e fora do horario escolar.

Así mesmo, o centro defínese como un centro público, pluralista, tolerante e respectuoso con todas as tendencias culturais, ideolóxicas e relixiosas.

Recoller que conta con 9 unidades: 6 unidades de Educación Primaria e 3 unidades de Educación Infantil. E coma o centro non alcanza o número mínimo de unidades (12) para contar con Departamento de Orientación único catalogado, a persoa que exerce a xefatura do Departamento comparte orientación co CEIP Santa María situado na mesma localidade; sendo o centro base o CEIP A Fraga. O traballo entre ambos centros, realízase cun reparto de horario e recursos proporcional segundo as necesidades existentes e o número de alumnos. A orientación compartida implica tamén, o establecemento dunha serie de criterios que foron tidos en conta coa finalidade de evitar simultaneidade de reunións e favorecer a compatibilidade horaria. Deste xeito, se establece que as tardes do luns sexan no centro base agás o cuarto luns de mes (independentemente que sexa festivo ou non) que será no centro compartido.

O equipo docente está formado por 4 mestras de Educación Infantil, sendo unha delas apoio, e 6 mestres de Educación Primaria, unha especialista en Lingua Estranxeira, unha mestra de Música, un mestre de Educación Física, unha mestra de Relixión, unha especialista en Pedagogía Terapéutica, unha especialista en Audición e Linguaxe e unha Orientadora compartida.

No curso actual, están escolarizados neste centro, **151 alumnos/as** distribuídos así:

NIVEL	ALUMNOS/AS	TOTAL
4º E. INFANTIL	15	40
5º E. INFANTIL	16	
6º E. INFANTIL	9	
1º E.PRIMARIA	16	111
2º E.PRIMARIA	15	
3º E.PRIMARIA	24	
4º E.PRIMARIA	16	
5º E.PRIMARIA	18	
6º E.PRIMARIA	22	
TOTAL ALUMNADO		151

Engadir que o colexio conta con boas instalacións, ademais das aulas de cada grupo-clase, sala de mestres, secretaría/dirección e aula de recursos ten:

- Pista cuberta.
- Amplas zonas de xogo exteriores.
- Aula música.
- Aula informática.
- Aula de psicomotricidade.
- Aula de AL.
- Aula de PT.
- Departamento de orientación.
- Biblioteca.

Con respecto ao Concello de As Pontes, cabe citar que este conta con outros centros educativos ademais do noso e que son:

- A Escola Infantil "A Barosa" de xestión compartida polas administracións local e autonómica.
- O CEIP Santa María e o CEIP A Magdalena (en total no Concello hai tres CEIP).

- 2 IES: Moncho Valcarce e Castro da Uz.
- 1 centro de educación especial pertencente á asociación ASPANAES.

Así mesmo, ten unha ampla oferta cultural, deportiva e de ocio na cal caben destacar :

- Actividades e instalacións dos Servizos Municipais (Gabinete Psicopedagóxico que depende dos Servizos Sociais do Concello, Polideportivo, etc.)
- Academias privadas de clase de reforzo educativo.
- Asociacións veciñais e sociais con ampla oferta de obradoiros e actividades.
- Museo etnográfico Monte Caxado.
- Asociación Galega de Apicultura que xestiona a Casa do Mel en Goente.

Outros servizos cos que conta o concello son: Biblioteca Pública Municipal, Casa da Cultura, Servizos Sociais, Atención Temperá, Xulgado, Centro de saúde e Asociación de A.N.P.A.S. dos distintos colexios, asociacións de amas de casa, asociación de empresarios...

Outros recursos externos cos que contamos son:

- EOE: solicitarase cando se necesite asesoramento referente á avaliación psicopedagóxica ou para unha mellor canalización doutros apoios e recursos externos.
 - Atención Temperá en As Pontes e no Hospital Novoa Santos.
 - ASPANEPS.
 - ASPANAES.
 - Servizos da Unidade Infanto Xuvenil de Saúde Mental de Ferrol.
 - Orientadores de zona.
 - Logopedas, psicólogos, pedagogos, etc. de gabinetes privados.

2. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

2.1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Constituído tal e como establece o Decreto 120/1998 (art. 4) e a Orde do 24 de xullo de 1998 (art. 3), e seguindo o exposto na Circular 10/2010 e a Rede ROEGAL: Dispónse que para os centros que contén entre 6 e 11 unidades: *"A persoa que exerce a xefatura do departamento de orientación realizará o seu traballo en dous ou máis centros, xa que ningún deles acadaría as unidades suficientes para ter un posto de traballo catalogado. Aínda tendo un centro base (aquele ao que pertence para efectos administrativos, que será o que apareza no catálogo baixo o epígrafe OC), a persoa orientadora realizará o seu traballo nos centros compartidos con reparto do seu horario, recursos, etc, proporcional ao número de unidades de cada un destes centros.*

Este concepto de orientación implica o establecemento dunha serie de criterios que os equipos directivos deben ter en conta á hora de establecer os seus plans de orientación pedagóxica, reunións de equipos docentes ou sesións de avaliación. É absolutamente necesaria a coordinación dos centros implicados co fin de evitar a simultaneidade de reunións ou a imposibilidade horaria, do mesmo xeito que o xefe/a do departamento debe organizar o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros que teña asignados.

Cada un dos centros que comparten orientador contarán cun espazo físico, dotado de equipamento mobiliario e tecnolóxico de iguais características que os departamentos de orientación únicos."

Atendendo a esta premisa, o Departamento do CEIP P. A Fraga, que se creou no curso 2008/09, pertencendo á modalidade de orientación compartida (OC), pretende satisfacer as necesidades tanto do centro base, o CEIP Plurilingüe A Fraga, coma do centro compartido, o CEIP Plurilingüe Santa María, sempre en colaboración co centro adscrito (IES Castro da Uz).

No curso actual 2023-2024 os membros que constitúen o Departamento de Orientación do CEIP P A Fraga son:

- Xefa do Departamento de Orientación: Sonia López Conde.
- Mestra de Pedagogía Terapéutica: Virginia Polo Campello.
- Mestra de Audición e Linguaxe: Carla María Aneiros Pedreiras
- Coordinador de Educación Infantil: Olalla Carballido Román
- Coordinador do 1º ciclo de Educación Primaria: Ignacio Rodríguez Domínguez

- Coordinador do 2º ciclo de Educación Primaria: Alba López Legaspi
- Coordinador do 3º ciclo de Educación Primaria: Manuel María Neira Otero
- Xefa de Estudos: Mari Carmen Novo Díaz
- Directora: María Pérez Galdo

2.2. TAREFAS E FUNCIÓNS DOS SEUS COMPOÑENTES:

2.2.1.COORDINADORES E TITORES:

- 1) Dinamizar as reunións docentes fomentando que xurdan propostas de traballo e participar activamente nas xuntanzas do Departamento de Orientación.
- 2) Integrar na programación de niveis, a comezos de curso, as programacións dos diferentes equipos ou departamentos que funcionan no centro e que teñen vinculación cos diferentes niveis: actividades complementarias e extraescolares, normalización lingüística, equipo de biblioteca e Departamento de Orientación.
- 3) Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Plan de Orientación.

2.2.2.Profesorado de apoio: PT e AL

- 1) Asistir as reunións da comisión de coordinación pedagóxica (CCP).
- 2) Colaborar na avaliación inicial do alumnado con neae cando cumpra, naquelas sesións de avaliación que afecten a dito alumnado.
- 3) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das AC, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e de aquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- 4) Prestarlle atención docente directa ao alumnado con neae que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.

Atendendo a Orde do 8 de setembro de 2021

- 5) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- 6) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado tutor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
- 7) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.
- 8) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
- 9) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- 10) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- 11) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno ao que prestara apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluirá no seu expediente.
- 12) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

2.2.3. XEFATURA DO DEPARTAMENTO

Por outra banda as funcións da xefatura do departamento seguindo a normativa vixente son (art. 11º da Orde do 24 de xullo de 1998):

1. Sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, do regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, os xefes ou xefas dos departamentos de orientación dos ditos centros terán as seguintes funcións:

- a) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento de orientación.
- b) Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- c) Representar o departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- d) Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- e) Asistir ás reunións convocadas polo xefe ou xefa do departamento de orientación do instituto de educación secundaria ao que está adscrito.
- f) Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- g) Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- h) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, no caso de estar en posesión das titulacións que se indican no artigo 4 a) do Decreto 120/1998, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e os criterios establecidos no proxecto curricular do centro e responsabilizarse da elaboración do informe psicopedagóxico.
- i) Coordinar, en colaboración cos profesores ou profesoras de apoio, a atención do alumnado con neae, elevando ó xefe de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- l) Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- m) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

A participación do xefe do departamento de orientación nas sesións de avaliación responderá ás súas competencias de asesoramento e apoio ó profesorado e asistirá a elas con voz e sen voto.

2.2.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Tal e como especifica no art. 6º do Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e no art. 10º da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, as principais atribucións do Departamento de Orientación pódense resumir en:

- 1) Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- 2) Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional, e do Plan de Acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- 3) Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e da concreción curricular, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- 4) Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.
- 5) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- 6) Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- 7) Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupo ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- 8) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- 9) Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativos dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses;

adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.

10) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

11) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

Ademais, a xefa do departamento participará nas reunións do IES adscrito e trimestralmente as reunións dos departamentos de orientación dos centros da localidade.

2.2.5. COORDINADOR/A DE BENESTAR E CONVIVENCIA

De acordo coa **ORDE do 23 de agosto de 2023** pola que se establece esta figura nos centros docentes de Galicia, e segundo o seu artigo 2. a dirección do CEIP P. Santa María designou a coordinación de benestar e convivencia á xefa do Departamento de Orientación, de entre o profesorado do claustro, por un período de dous anos, priorizando a súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección do centro docente. E as súas funcións que, se recollen no artigo 3 da citada orde, son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

– Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

– Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

– Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

– Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

– Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

– Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a tutoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.

– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.

– Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.

– Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención

por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.

– Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

A persoa designada coma coordinadora de benestar e convivencia deberá realizar un plan de traballo que se concrete anualmente na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

Para cada unha das accións concretarase, como mínimo, a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadados.

Nos centros públicos a dirección do centro, dependendo da dispoñibilidade horaria e das características e do tamaño do centro, poderá asignar ata un máximo de dúas sesións lectivas e dúas sesións das complementarias fixas á coordinadora ou coordinador de benestar e convivencia para a realización das funcións recollidas no artigo 3.

3. OBXECTIVOS

3.1. OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO

- Facilitar a integración dos alumnos/as no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica escolar, ofrecéndolles apoio nos momentos de maior dificultade (ingreso no centro, cambios de curso).
- Coñecer as aptitudes, expectativas, intereses dos alumnos/as para unha eficaz orientación.
- Contribuír ao desenvolvemento da madureza persoal dos alumnos/as.
- Identificar as dificultades e potencialidades dos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe e/ou neae o mais temperán posible, concretando pautas de actuación e medidas para a súa atención (RE, AC....).
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.
- Potenciar nos alumnos/as actitudes de aceptación, tolerancia e diálogo que redunden no establecemento dunha boa relación no centro educativo.
- Favorecer no alumnado o coñecemento, aceptación de si mesmo, a súa autoestima e tamén a mellora de habilidades sociais e á solución pacífica dos conflitos.
- Facilitar estratexias e instrumentos destinados a que o tránsito da familia á escola ou dunha etapa, no mesmo centro, a outra se realice da forma menos traumática posible.
- Realizar unha exploración psicopedagóxica do alumnado que se considere, e facilitar orientacións cara á mellora no dominio das áreas instrumentais e á implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudo e estratexias de traballo.
- Promover o traballo compartido e colaborativo, a experimentación e a creatividade.

3.2. OBXECTIVOS REFERIDOS AO CENTRO

O primeiro obxectivo a conseguir foi a constitución do Departamento de Orientación e establecer as liñas xerais de actuación para o presente curso académico e establecer o réxime de funcionamento (calendario de reunións, convocatoria, ...) como estrutura que participa na dinamización psicopedagóxica do centro.

Os obxectivos pódense resumir en:

- Colaborar na revisión do PEC e da concreción curricular nos seus diferentes aspectos, incluíndo nos mesmos, programas e actividades para o desenvolvemento da orientación educativa e da acción tutorial.
- Asesorar ao equipo docente en todas aquelas cuestións que posibiliten unha atención educativa personalizada e integral (adaptacións curriculares individuais, criterios de avaliación e promoción dos alumnos/as).
- Promover actuacións de carácter preventivo que melloren a convivencia no centro.

- Asegurar a orientación educativa a todos os alumnos/as desde o punto de vista persoal, escolar e profesional.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias para unha maior eficacia e coherencia na educación dos alumnos/as.

3.3. OBXECTIVOS REFERIDOS AO PROFESORADO

- Implicar ao profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa, potenciando a formación dos titores/as neste campo.
- Facilitar ao profesorado, recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, titoría e atención á diversidade.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer a súa labor docente e titorial.
- Colaborar no seguimento global dos procesos de aprendizaxe dos alumnos/as de cara á prevención, detección e orientación, elaborando estratexias para a súa intervención.
- Colaborar na detección de problemas educativos, de desenvolvemento persoal e/ou de aprendizaxe.
- Establecer pautas xerais de actuación para levar a cabo medidas de RE e AC, colaborando na súa elaboración e seguimento.
- Colaborar co profesorado na adquisición de hábitos de estudo, técnicas de traballo intelectual, habilidades e estratexias de aprendizaxe nos alumnos/as, así como o modo de inserilas no currículo.
- Colaborar cos titores/as para unha adecuada avaliación, sobre todo formativa.
- Apoiar a intervención do profesorado coas familias de cara a favorecer a relación entre as familias e o centro.

3.4. OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS

- Establecer contactos periódicos de forma individual e colectiva coa finalidade de intercambiar información.
- Axudar á familia a comprender e potenciar as aptitudes dos seus fillos/as, orientándoos nos aspectos básicos para dar resposta ás necesidades que presenten, sobre todo cando se trate de alumnos/as con neae.
- Solicitar a participación dos pais/nais nas diversas actividades que se realicen no centro (actividades complementarias e extraescolares, etc.).

3.5. OBXECTIVOS REFERIDOS Á COLABORACIÓN CON SERVIZOS EXTERNOS

- Favorecer a coordinación cos servizos e institucións da comunidade que incidan na función orientadora do centro en xeral ou que atendan aspectos específicos en particular (CEFORE, EOE, centros culturais, asociacións, ONGs,...).
- Establecer canles de comunicación e colaboración cos centros do concello, cos servizos sociais e de saúde da zona.
- Coordinarse co EOE para solicitar a súa intervención e asistencia técnica en determinados problemas específicos.

Colaborar na elaboración e intercambio de experiencias entre centros, sobre todo cos DO da zona.

4. ACTUACIÓNS PRIORITARIAS PARA O PRESENTE CURSO

De acordo co disposto no artigo 12º da Orde do 24 de xullo de 1998 e ao abeiro da disposición derradeira primeira da citada Orde, co propósito de garantir a unificación dos criterios que regulan o desenvolvemento das actuacións dos servizos de orientación nas ensinanzas escolares da Comunidade Autónoma de Galicia, dítanse unhas direccións xerais, a máis recente, a través da circular 10/2010 as seguintes liñas prioritarias de actuación:

1) Actuacións referidas á actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o PE, a través de:

a. Asesoramento e colaboración, no ámbito das súas competencias, na elaboración do proxecto educativo.

2) Apoyo ao proceso de ensino-aprendizaxe e ás medidas de atención á diversidade, a través do Plan Xeral de Atención á Diversidade, en consonancia co establecido no Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, no referido ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo a través da:

- a. Identificación temperá de necesidades educativas do alumnado.
- b. Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe ou inclusión no sistema educativo, especialmente daquel con necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- c. Proposta de iniciativas que supoñan a optimización dos recursos humanos e materiais dos centros no que se refire aos apoios enunciados no punto anterior, de cara a avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- d. Asesoramento ao equipo docente para que nas respectivas programacións se contemplen distintos niveis de dificultades que dean resposta á diversidade presente nas aulas.
- e. Establecemento de canles de coordinación entre orientadoras e orientadores dos centros de primaria e secundaria, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.

3) Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, en especial o asesoramento referido a:

- a. Colaboración na análise das necesidades do profesorado titor e demais profesorado do centro en relación ao desenvolvemento da acción titorial, así como asesoramento aos equipos e ao profesorado individual.
- b. Aspectos organizativos e de xestión da acción titorial, entre outros, criterios para a adxudicación das titorías, establecemento de mecanismos de coordinación entre equipos docentes, entre o profesorado titor e o departamento de orientación e demais profesorado do centro.
- c. Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres.

4) Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural:

- a. Colaboración na diagnose sobre o estado da convivencia no centro en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa e proposta de medidas que redunden na mellora da mesma: establecemento das normas de convivencia, titorización entre iguais. Así mesmo, asesoramento na elaboración, seguimento e avaliación de plans de mellora da convivencia.
- b. Participación na revisión do proxecto educativo de centro, con especial atención aos principios dunha educación democrática e igualitaria, e de valores tales como solidariedade, cooperación, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible.
- c. Colaboración na revisión e actualización dos regulamentos de réxime interior.
- d. A participación na elaboración e uso de protocolos para a prevención e control do absentismo escolar.

5) Actuacións referidas á formación permanente, á investigación, á experimentación e á innovación:

- a. Colaboración na detección de necesidades de formación permanente do profesorado do centro e dinamización da participación dos equipos docentes en proxectos e programas de innovación.
- b. Participación na formación permanente dos orientadores e orientadoras.
- c. Participación na recompilación de recursos e materiais de apoio: páxinas web, materiais impresos, experiencias de centros, etc., que estea a disposición do profesorado do centro para a súa consulta.

6) Participación e implicación das familias na vida do centro e na educación das súas fillas e fillos, dada a súa importancia como parte fundamental da comunidade educativa:

Dinamización das canles de comunicación entre familias e escola, da implicación activa das familias nos órganos de participación do centro e das Asociacións de Nais e Pais do Alumnado

5. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

5.1. Introducción

A elaboración do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación (PAADO) ven recollida na Orde do 24 de xullo de 1998, que no seu artigo 11º b) determina que é función da xefatura do departamento de orientación "responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso". Neste establécense as actuacións a desenvolver, os responsables de cada actuación, as persoas ás que van dirixidas e a temporalización. Non figuran os obxectivos porque xa están establecidos no Plan de Orientación.

5.2. Actuacións

ACTUACIÓN	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Constitución do DO.	Membros DO	Comunidade educativa	Setembro
Elaboración de horarios PT e AL.	Membros do DO e Xefa de Estudos	AL, PT e profesorado con dispoñibilidade horaria	Setembro
Revisión dos expedientes e dos informes psicopedagóxicos e actualización se procede.	Orientadora	Acneae	1º trimestre
Revisión e actualización dos protocolos de actuación ante demandas ao Departamento.	Orientadora	Comunidade educativa	Setembro
Avaliación e elaboración do informe psicopedagóxico cando o demanden.	Orientadora	Acneae	Ó longo de todo o curso
		Solicitantes de praza acneae	Marzo
		Alumnado de nova incorporación	Setembro
Axudar a cubrir telemáticamente, elaborar informes e revisar axudas a acneae.	Orientadora	Beneficiarios das axudas acneae	Setembro
Revisión dos documentos do centro: PO, PAADO, PAT, PXAD.	Orientadora	Comunidade educativa	1º trimestre
Realización e seguimento do plan de traballo como persoa coordinadora do benestar e convivencia	Orientadora e dirección	Comunidade educativa	Todo o curso
Se procede, colaboración coa UACO	Orientadora e persoa de UACO	Alumnado e familias propostas	Todo o curso
Cumprimentar drdadi.	Orientadora	Educación	1º trimestre
Asesoramento á comunidade educativa.	DO	Comunidade educativa	Todo o curso
Proposta de adquisición de material do DO.	DO	Equipo directivo	Todo o curso
Asesoramento e participación na elaboración, revisión e seguimento das ACS.	Orientadora, PT e AL	VGDB	Todo o curso

Participación nas sesións de avaliación.	Orientadora	Equipos docentes	Final dos 3 trimestres
Formación en orientación	Orientadora	Orientadora	Todo o curso
Apoio na linguaxe	AL	Alumnado con dificultades na linguaxe (dislalias...)	Todo o curso
Reforzo educativo nas áreas instrumentais, dificultades de aprendizaxe, etc.	PT	Acneae	Todo o curso
Reforzo educativo á adaptación curricular	PT e AL	Alumnado con ACS	Todo o curso.
Elaboración e reparto de folletos, trípticos e outros materiais con pautas varias.	DO	Familias	Todo o curso.
Reunión do DO e coordinación cos titores e especialistas.	DO e titores	Comunidade educativa	Semanalmente durante todo o curso.
Coordinación e colaboración coas familias.	DO	Comunidade educativa e familias	Puntualmente ó longo de todo o curso.
Coordinación e colaboración con familias..	Orientadora, PT e titor/a		Ó longo do curso.
Coordinación e colaboración cos servizos externos.	DO	Alumnado atendido por servizos externos	Trimestralmente ou puntualmente ó longo do curso.
Programa de transición á ESO	Orientadora e titor 6ºEP	Alumnado 6º EP	3º trimestre.
Programa específico para alumnado procedente do estranxeiro.	Orientadora, PT e titor/a correspondente.	Alumnado procedente do estranxeiro	Puntualmente ó longo do curso.
Cumprimentar drdorienta	Orientadora	Educación.	Xuño
Elaborar a memoria: valoración dos obxectivos, actividades realizadas e propostas de mellora.	Orientadora	Comunidade educativa	Xuño

5.3. Horario da orientadora

A orientadora realiza o seu traballo en dous centros ao tratarse dunha orientación compartida. Para o CEIPP Santa María establecéronse os seguintes días: os martes, a metade da xornada dos mércores e os venres. O horario elaborado entre os equipos directivos de ambos centros é o seguinte:

ORIENTACIÓN					
HORARIO	LUNS	MARTES	MÉRcores	XOVES	VENRES
09:00 a 09:50	GARDA		Coord. benestar	OR.	
09:50 a 10:40	OR.		Coord. benestar	OR.	
10:50 a 11:40	OR.			OR.	
11:40 a 12:05				X (garda recreo)	

12:05 a 12:30	HORA DE LER				
12:30 a 13:15	OR.			OR.	
13:15 a 14:00	OR.			OR.	
16:00 a 19:00		Todos os luns no CEIP A Fraga agás o 4º luns que é no CEIP Santa María			

6. AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso continuo e global, no cal se levará a cabo o seguimento da evolución do alumno/a. A avaliación será un proceso conxunto de todos os profesionais que interveñen no proceso educativo (titor/a, PT, especialistas, familia,...).

Polo tanto enténdese a avaliación como unha actividade sistemática e continuada, integrada no proceso educativo, que ten por obxecto proporcionar a máxima información para melloralo, reaxustando os seus obxectivos, revisando criticamente os métodos e recursos, e facilitando a máxima axuda e orientación a toda a comunidade educativa. Polo tanto, é preciso:

- A avaliación do programa en si mesmo: calidade, adecuación ás necesidades e a fundamentación teórica.
- A avaliación do programa no seu desenvolvemento: clima no que se desenvolve e grao de interacción coas demais actividades do centro, da aula,...
- A avaliación dos resultados: en canto á consecución dos seus obxectivos.

Fases a considerar no proceso avaliativo:

Avaliación inicial: antes de comezar as actividades propias do programa co obxecto

de coñecer a nosa realidade escolar, tendo en conta o entorno, a familia, os mestres/as e os alumnos/as. Efectúase unha detección de necesidades canalizadas a través das reunións docentes, comisión de coordinación pedagóxica e departamento de orientación, principalmente.

Recóllese información e propostas da memoria do curso anterior onde se reflicten aspectos prioritarios para traballar neste curso.

Avaliación continua: ao longo do curso a avaliación deberá ser formativa coa finalidade de adaptar a intervención psicopedagóxica ás necesidades de cada momento.

Avaliación final: consiste en valorar a consecución dos obxectivos propostos neste plan ao final do proceso, para asegurarse de que se chegou á meta planificada. Os resultados deste proceso avaliador servirán como punto de partida para o deseño de novas estratexias e pautas de intervención. A tal fin, ademais de autoavaliar o propio traballo, o departamento promoverá a cumprimentación de protocolos e a realización de actividades específicas onde se analice o grao de satisfacción dos seus usuarios.

Na avaliación partírase do plan en si mesmo, do seu desenvolvemento e tamén dos seus resultados. A avaliación permitiranos determinar a efectividade da intervención, valorando os logros e dificultades atopadas, os factores que puideron incidir nestas así como os aspectos que sería preciso modificar. Para a avaliación do Plan utilizaremos os datos subministrados polas persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento e os destinatarios, empregando para recoller a información diversos instrumentos (entrevistas, intercambios orais,...). Os criterios que guiarán a avaliación da actividade do DO serán: Grao de consecución dos obxectivos; Grao de adecuación das actividades propostas; Grao de adecuación dos recursos; Grao de implicación e participación dos axentes e destinatarios; Grao de satisfacción dos implicados; Efectos conseguidos e non previstos.

Á vista das actas e dos informes do centro, ao final de curso o departamento realizará unha memoria na que se recollerá polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan, programa ou programas e cambio, se procede, na realidade educativa.
- b) Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no dito plan, así como a implicación e participación dos diferentes profesionais que colaboren nel.
- c) Conclusións e propostas concretas de mellora.

A memoria será redactada polo/a xefe/a do departamento de orientación e entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

7. PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

7.1. INTRODUCCIÓN:

Dende a especialidade de Pedagogía Terapéutica neste curso 20223/24 desenvolveranse as accións necesarias para atender as Necesidades Específicas de Apoio Educativo (N.E.A.E.) do C.E.I.P. Plurilingüe A Fraga, na localidade das Pontes de García Rodríguez.

As funcións a desenvolver por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica concíbense como un traballo dinamizador da resposta educativa que todos os alumnos e alumnas requiren, en distinto grao de organización e modalidades de intervención en función das súas necesidades educativas. Sendo moi importante o papel de asesor aos mestres de aula para que desenvolvan técnicas, estratexias, alternativas e metodoloxías que favorezan a inclusión na aula de todos os seus alumnos. Serven, por tanto, de axuda ao titor e ao centro, en colaboración coa orientadora e as familias.

Esta programación é flexible e está aberta a posibles modificacións que poidan xurdir durante o curso tanto na atención de outros nenos/as con dificultades de aprendizaxe como na temporalización dos apoios, na metodoloxía e recursos a empregar.

7.2. ACTUACIÓN DO MESTRE E MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Tal e como se establece no Plan de Orientación, os nenos/as que son valorados por parte do Orientador/a e que se considera que precisan de apoio de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe recibirán apoio destes especialistas, unha vez informadas ás familias e recibida a autorización dos mesmos. O equipo docente que traballa con este alumnado, así coma con calquera outro alumno/a desenvolverá un traballo conxunto e coordinado.

As funcións principais da mestra de Pedagogía Terapéutica están recollidas na Orde do 8 de setembro de 2021.

Estas funcións que a continuación redacto de forma máis específica son:

En relación cos alumnos/as:

- Revisar a documentación existente do alumnado con NEAE (Informes psicopedagóxicos, médicos, tutoriais e expedientes académicos).
- Identificar as necesidades concretas dos alumno/as con respecto ás súas capacidades a nivel xeral.
- Establecer os niveis de competencia curricular e as necesidades educativas do alumnado.
- Identificación das NEAE e elaboración do programa de intervención a seguir.
- Intervención directa en forma de reforzo pedagóxico na forma que se determine.
- Observación do proceso do alumno/a e avaliación sistemática en colaboración co profesor titor.
- Coordinación cos apoios que recibe o alumno/a.
- Coordinación coa familia, en colaboración co titor/a e o orientador/a.

En relación co centro escolar:

A función máis importante do profesor de apoio nun centro é colaborar na proposta de medidas preventivas referidas á metodoloxía e á organización e na unificación de criterios respecto á atención de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, así:

- Participará na elaboración do PE e os documentos que contén (concreción do currículo, PXAD, etc.), especialmente no referente a atención á diversidade.
- Elaborará en colaboración co Departamento de Orientación a planificación dos horarios dos alumnos con NEAE.
- Coordinación de profesionais e cooperación co titor na elaboración de Adaptacións Curriculares; na avaliación e seguimento da evolución dos alumnos/as e das adaptacións propostas, así como na elaboración de materiais específicos.
- O profesor de PT debe colaborar co profesor titor e coa orientadora do centro nas labores de información e asesoramento aos pais e nais dos alumnado.

En relación co equipo de orientación educativa:

As mestras de Pedagogía Terapéutica, sendo membros do Departamento de Orientación do centro, e tendo entre as súas prioridades a determinación das necesidades educativas de cada alumno/a darán resposta en cada caso:

- Planificación conxunta da atención de educativa máis axustada cada neno/a.
- Organizar e deseñar os programas individualizados de cada alumno/a.
- Seleccionar os horarios máis axeitados para cada alumno/a en función dos horarios das aulas ordinarias e do seu rendemento, tendo en conta os seguintes **criterios xerais**:
 - Os apoios realizaranse preferentemente na aula ordinaria e excepcionalmente farase, na aula de Apoio, mediante "intervencións específicas" segundo se recolle na normativa vixente (en sesións temporalizadas de apoio específico, estratexias de aprendizaxe concretas, etc).
 - Priorizaranse as primeiras horas da xornada para os alumno/as máis pequenos.
 - Terase en conta que os nenos non poden saír da aula ordinaria nas sesións das especialidades de Educación Física, Música, Inglés e Plástica.
 - O horario da aula de apoio será flexible para adaptarse ás modificacións que vaian xurdindo no alumnado (incorporacións e cesamento das intervencións) e nas súas necesidades cambiantes.
- Terase en conta o grao de dificultade do alumno/a no momento de establecer a secuenciación dos contidos e tarefas nun grao de dificultade. Esta selección de obxectivos estará recollida nos Programas de Intervención Individuais (P.I.I.) para cada un dos alumno/as que o precisen, así como da metodoloxía específica en cada caso, xunto cos recursos e materiais a empregar.
- Coordinarse no establecemento de contidos curriculares das diferentes etapas educativas.
- Colaborar nas propostas para a elaboración de ACS para os alumno/as que as precisen.
- Avaliar a adecuación das intervencións.
- Colaborar cos titor/as para levar a cabo tarefas de Reforzo Educativo, programas de modificación de conduta, habilidades sociais... dentro ou fora da aula ordinaria.
- Establecer liñas de cooperación a través do Departamento de Orientación para facer eficaz e axilizar o proceso de valoración, de coñecemento da información e a orientación aos titores.
 - Informar e orientar ás familias.
 - Participar na avaliación e decisións sobre promoción.
 - Colaborar na elaboración de AC e outras cuestións de tipo metodolóxico, organizativo, etc.
 - Coordinarse no traballo co alumnado con N.E.A.E.

En relación coas familias:

O profesor de PT debe colaborar co profesor titor e coa orientadora do centro nas labores de información e asesoramento aos pais e nais do alumnado.

7.3. ALUMNADO CON NEAE NO CURSO ACTUAL:

Este alumnado está incluído na previsión de reforzo para este curso, pero en base á avaliación inicial e procesual pode haber variacións no mesmo. Por protección de datos, neste apartado tan so se indica o número de aneae que neste intre se prevé que vai ser atendido polo especialista en Pedagogía Terapéutica.

Educación Infantil: 1 alumna con nee	Educación Primaria: 6 alumnos/as con neae
--------------------------------------	---

7.4.OBXECTIVOS XERAIS:

- Conseguir unha educación integral que propicie nos nenos/as experiencias que estimulen o seu pleno desenvolvemento, para conseguir unha boa autonomía e potenciando o desenvolvemento dunha actitude crítica, activa e participativa.
- Desenvolver unha educación que respecte os ritmos individuais de crecemento, maduración cognitiva e aprendizaxe de cada neno/a, especialmente no caso de aqueles que presentan NEAE.
- Facelos máis felices, máis humanos, máis capaces, máis independentes e máis comunicativos, así como desenvolver o máximo as súas potencialidades e competencias.
- Abrilos ó mundo exterior, intentando que coñezan o seu entorno máis próximo, mediante a realización de distintas saídas e a participación en tódalas actividades programadas polo centro.
- Fomentar o seu grao de integración tanto na aula ordinaria de referencia como a nivel de centro e priorizar o aprendizaxe de aspectos como: autonomía persoal, relación cos seus compañeiros, mestres e desenvolvemento das súas potencialidades, destacando aqueles aspectos relacionados coa comunicación.
- Previr futuras necesidades.
- Introducir e fomentar o uso das novas tecnoloxías.
- Implicar activamente á familia e a todos os membros da comunidade.

7.4.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NOS TDAH: (trastorno por déficit de atención, hiperactividade e/ou impulsividade)

- Reducir a impulsividade cognitiva e condutual mediante técnicas de control de conduta e autocontrol.
- Mellorar as súas capacidades cognitivas básicas e as funcións executivas.
- Formalos en técnicas de estudio.
- Fomentar o razoamento e pensamento reflexivo.
- Ensinarlles a controlar e coñecer as súas propias emocións e as dos demais.
- Mellorar a comprensión e expresión da linguaxe tanto de xeito oral como escrito.
- Desenvolver estratexias de resolución de problemas.
- Optimizar a súa motivación e autoestima.

7.4.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE:

Os desordes nos procesos cognitivos básicos implicados na aprendizaxe: dificultades específicas de aprendizaxe (dislexia, disgrafía, disortografía ou discalculia), dificultades por retraso na linguaxe e/ou po retraso madurativo ou baixa capacidade cognitiva.

- Desenvolver os procesos perceptivos e psicolingüísticos.
- Favorecer procesos e funcións de capacidades cognitivas básicas como memoria e atención.
- Traballar estratexias de aprendizaxe e metacognición.
- Traballar tódolos procesos nos que se estrutura a linguaxe (morfosintácticos, léxicos e pragmáticos).

7.4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NO RETRASO XERAL DO DESENVOLVEMENTO:

- Afianzar os procesos cognitivos básicos: atención, concentración, memoria e razoamento.
- Mellorar a psicomotricidade fina e a coordinación motora.
- Adestramento das funcións executivas.

- Traballar tódolos procesos nos que se estrutura a linguaxe (morfosintácticos, léxicos e pragmáticos).

7.4.4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS NAS DIFICULTADES DE COMPORTAMENTO:

- Afianzar as normas de comportamento.
- Ensinar técnicas de autocontrol, manexo da frustración, competencias emocionais e estratexias de resolución pacífica de conflitos.
- Mellorar as relacións sociais.
- Mellora da empatía.

7.5. MODALIDADES DE APOIO.

Todos os apoios que se realizan por parte da mestra e mestre de PT serán preferentemente, dentro da aula ordinaria.

A aula de PT, aula de AL e o despacho de DO constitúense como aulas de recursos nas que o apoio nelas se realiza só en casos excepcionais e para tarefas puntuais.

A elección das diferentes actividades faranse en función das necesidades de cada alumno e do apoio que o alumnado NEAE vaia recibir, seguindo en todo momento as directrices do mestre/a titor/a, así como, o consello do xefe do DO.

7.6. ACTIVIDADES

Realizaranse actividades diversas que traballen diferentes contidos a través de distintas modalidades de presentación (actividades TIC, fichas, contos, xogos educativos, exercicios...) fomentando que se traballe de xeito lúdico nas etapas máis elementais.

7.7. METODOLOXÍA

A nosa intervencións realizarase en coordinación co resto de profesionais do centro, polo que levaremos a cabo unha metodoloxía colaborativa. Garantindo a unha abordaxe inclusiva en todos os niveis (centro, aula e alumnado), así mesmo buscarase o éxito das nosas intervencións partindo dos intereses e estilos de aprendizaxe de cada un dos nosos alumnos. Para isto, planificaremos actividades variadas que se podan adaptar os distintos niveis de desempeño a través da realización de actividades multinivel e segundo o enfoque do deseño universal (DUA).

A **nivel xeral**, usaremos métodos activos e lúdicos a través da gamificación relacionando ó alumnado coa súa contorna e favorecendo actitudes positivas de inclusión, respecto e tolerancia. Do mesmo xeito, a metodoloxía será global e pluridimensional potenciando as aprendizaxes funcionais e útiles para a vida. Valoraremos esforzo máis que o resultado final, reforzando positivamente o traballo levado a cabo e consecuentemente a autoestima e a motivación.

En canto a **metodoloxía específica**, ademais do xa comentado, son necesarias metodoloxías e estratexias específicas que variarán en función das NEAE do alumnado como Técnicas de modificación da conduta, para instaurar, modificar e/ou eliminar comportamentos, como son o reforzamento positivo, o encadeamento cara atrás, modelado...

As pautas e estratexias metodolóxicas que a nivel xeral se poderían seguir na aula serían:

- Adaptar o nivel de esixencia ás súas posibilidades, partindo dos seus coñementos previos e nivel de competencia curricular.
- Propoñer actividades motivadoras tendo en conta os seus intereses.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Empregar instrucións verbais claras e concisas para facilitar a comprensión. E axudas gráficas ou manipulativas se fose preciso.
- Autoinstrucións.
- Reforzar cada esforzo e cada logro.
- Simplificar o ambiente de traballo e eliminar estímulos que provoquen dispersión.
- Sentar o alumno/a preto de compañeiros/as que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
- Consenso das normas de funcionamento entre toda a clase, así como as consecuencias de cumprimento e incumprimento.
- Empregar diferentes formas e instrumentos de avaliación.

- Usar a axenda para axudarlle ao alumno/a a organizarse e como canle de comunicación coa familia.

7.8. RECURSOS HUMANOS

Para atender ás necesidades educativas que presenta o alumnado dispoñemos dos seguintes recursos persoais do centro: os titores/as, os mestres/as especialistas, os mestres de apoio (PT e AL), e a orientadora. Ademais, este centro dispón da colaboración dos seguintes recursos externos como o EOE, o CFR (PFPP), diferentes asociacións como ASPANAES, ASPANEPS, gabinetes psicopedagóxicos e o Equipo psicolóxico e de apoio escolar (Servizos Sociais).

Outro recurso moi importante son as familias coas que é importante manter unha boa relación para poder intercambiar informacións e manter unha continuidade do traballo no centro e a casa.

7.9. RECURSOS MATERIAIS

Existen diversos materiais na aula de PT e AL e no DO. Así, hai materiais específicos para fomentar os hábitos e estratexias lectoescriptoras e os prerequisites cognitivos básicos (atención, concentración, memoria e razoamento) entre outras habilidades e/ou competencias.

Tamén, pódense atopar diversos recursos nas aulas do centro e na biblioteca como puzzles, xogos de mesa, contos, fichas, libros de consulta, equipos informáticos, tablet, pizarra dixital interactiva...

Por outra banda tamén se elaborarán materiais adaptados as necesidades de cada alumno ou se adaptarán os propios materiais que o alumnado usa na aula de xeito ordinario en función das súas características.

7.10. RECURSOS ORGANIZATIVOS

A organización do centro está recollida nos diferentes documentos do centro, salientando a importancia do Proxecto Educativo e, no caso do apoio ao alumnado con NEAE, o Plan de Orientación e o Plan de Atención á Diversidade.

O apoio ao alumnado con NEAE organízase dende o DO e lévase un seguimento periódico do mesmo para introducir modificacións, se fose preciso, a través das reunións de coordinación.

Así mesmo, manteranse reunións estables e periódicas co resto do mestres do centro, especialmente cos titores, para levar a cabo unha metodoloxía e unhas liñas de traballo semellantes e para redireccionar as nosas estratexias de traballo se fose necesario.

7.11. TEMPORALIZACIÓN

A comezos de curso propúxose a seguinte temporalización de apoio ó alumnado, inda que debemos sinalar que estas serán flexibles en función das necesidades que xordan:

5º de Ed. Infantil	4 sesións semanais
3º de Ed. Primaria	10 sesións semanais.
4º de Ed. Primaria	3 sesións semanais.
5º de Ed. Primaria	4 sesións semanais.
6º de Ed. Primaria	4 sesións semanais.

7.12. AVALIACIÓN

A avaliación comprenderá tres fases:

- A avaliación inicial. Realízase a comezos de curso para valorar as necesidades do alumnado e establecer os obxectivos a traballar.

- A avaliación continua. Permite coñecer se se están cumprindo os obxectivos e, se non é así, introducir os cambios precisos. Farase empregando diferentes formas e instrumentos de avaliación.

- A avaliación final. Lévese a cabo ao remate do curso podendo establecer se se cumpriron os obxectivos propostos e sinalar os que se establecerán para o vindeiro curso. No caso de que non se cumprisen os obxectivos revisarase o desenvolvemento sinalando as dificultades atopadas e formulando propostas de mellora.

Virginia Polo Campello
Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica

8. PROGRAMACIÓN AUDICIÓN E LINGUAXE

8.1. XUSTIFICACIÓN

A presente Programación é un conxunto de actuacións destinadas a mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe (E-A), que permite organizar e xestionar os recursos cos que conta o centro para poder dar unha resposta axustada as características do noso alumnado, en especial aquel que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), relacionadas coa comunicación, a linguaxe e a audición. Trátase dun documento de carácter flexible, operativo, funcional, dinámico e revisable que pretende abordar de forma clara e concisa como se reflicte a atención á diversidade no centro dende a especialidade de Audición e Linguaxe no presente curso escolar.

8.2. ALUMNADO DE ATENCIÓN INDIVIDUAL

No centro, o alumnado que precise atención comunicativo-lingüística virá determinado por varios canles descritos a continuación. En calquera dos casos, non se atenderá ningún neno/a que non veña remitido dende o Departamento de Orientación. Así, son obxecto de avaliación inicial:

- Todos aqueles alumnos/as que recibiron apoio individual ou de seguimento no curso anterior e que precisan a continuación do mesmo.

- Todos aqueles nenos/as da etapa de infantil ou primaria que se observe que presentan dificultades na forma, contido ou uso da nosa lingua asociadas ou non a outras patoloxías.

En calquera momento do curso tamén podemos levar a cabo este tipo de avaliación en aqueles casos que o D.O considere oportuno remitir.

Neste proceso avaliamos a área da comunicación e da linguaxe. Para levar a cabo este proceso seguimos o seguinte procedemento:

En primeiro lugar, procederase a enviar unha autorización informativa para os pais/nais ou titor/es legais.

En segundo lugar, procedemos a realizar unha avaliación exhaustiva da linguaxe:

- Observación e rexistro dunha mostra de linguaxe espontánea e características funcionais da mesma.
- Observación e rexistro en protocolos de aula de aspectos indirectos: respiración, sopro, discriminación auditiva, órganos bucofonatorios, praxias articulatorias, ritmo e fluidez da fala.
- Rexistros de lectura e escritura.
- Entrevistas co profesorado titor, familias e DO.
- Entrevistas coas familias.
- Realización de rexistros fonolóxicos mediante distintos programas e recursos (RFI, ELCE...)

Finalmente, infórmase ás familias e determinase a relación de nenos/as que pasarán a recibir atención directa na aula de Audición e Linguaxe ou indirecta a través dun seguimento e a partir do cal se establecerá o programa de intervención individual adaptado ás necesidades de cada alumno/a.

En caso de que as necesidades do centro superen as horas de atención individual procederase á priorización recollida no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

8.3. CONTEXTUALIZACIÓN

O contexto no que se desenvolve esta programación é no CEIPP A Fraga sito na localidade de As Pontes de García Rodríguez.

De igual xeito, neste documento inclúense as funcións da especialista en Audición e Linguaxe a cal distribúe o seu horario de maneira continua de 9:00 a 14:00.

8.4. NECESIDADES

Da información anteriormente exposta consideramos oportuno detallar as necesidades a nivel de alumnado para poder ofertar unha ensinanza adaptada as mesmas. Así pois, no centro existen alumnos/as con NEAE relacionadas coa comunicación e a linguaxe, cos que tomaremos as medidas de atención axeitadas partindo da detección e determinación de ditas necesidades e, proporcionando as programacións específicas necesarias.

Sinalar que se establecen en base aos informes existentes no centro dos anos anteriores, as avaliacións psicopedagóxicas, as informacións aportadas por diversas fontes e tendo en conta que, nalgún caso están pendentes dunha nova valoración.

Neste apartado e, por protección de datos tan so se indica o número de aneae que neste intre se prevé que vai ser atendido polo especialista en Pedagogía Terapéutica.

Educación Infantil: 1 alumna con nee	Educación Primaria: 12 alumnos/as con neae
--------------------------------------	--

8.5. OBXECTIVOS

En función das necesidades anteriormente expostas, podemos extraer uns obxectivos xerais referidos aos tres ámbitos da nosa actuación: centro, familia e alumnado, que determinarán as accións prioritarias. Este ano adaptados ao plan de continxencia do centro.

8.5.1. Obxectivos respecto ao centro:

- Coordinarse cos titores/as, equipos e outros especialistas do sector e da zona co fin de colaborar e elaborar programas, actividades ou materiais necesarios.
- Asesorar e informar tanto a profesorado e familias sobre cuestións de interese para o desenvolvemento do alumnado con NEAE a través de orientacións ou pautas para a casa, por exemplo. Preferentemente a través de vía informática evitando o intercambio de papel.
- Colaborar e manter comunicación con outros organismos.
- Colaborar co profesor/a titor/a e co resto de profesorado na elaboración, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares.
- Participar nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con NEAE.
- Aproveitar os recursos persoais e materiais existentes no centro.
- Flexibilizar espazos e tempos para garantir unha atención individualizada. Este curso terase especial coidado no caso de agrupamentos flexibles, que estes, están formados por grupos estables de convivencia asignados no plan de adaptación.
- Colaborar co resto de profesorado para contribuír ao logro das Competencias Básicas.
- Participar/continuar en diversos cursos, xornadas, reunións, etc.. que permitan unha formación continúa.
- Definir, en colaboración cos membros do Departamento de Orientación e os titores implicados a organización funcional do traballo a levar a cabo con cada alumno/a.
- Coordinarse cos distintos membros da comunidade educativa.
- Coordinarse no establecemento de contidos curriculares das diferentes etapas educativas.

8.5.2. Obxectivos respecto ás familias:

- Ter en conta a información ofrecida polos pais/nais tanto na valoración inicial, como nas posta en práctica das intervencións como nos posibles seguimentos.
- Propiciar a colaboración coas familias tanto no centro como no ámbito do fogar.
- Facilitar información ás familias dun coñecemento o máis real posible da alteración ou necesidade do neno/a así como da súa intervención.
- Involucrar ás familias para que se preocupen polas actividades que se fan no centro e dotalos dos medios necesarios para a realización das mesmas.
- Fomentar a participación dos pais e nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos/as como membros da comunidade educativa á que pertencen.
- Informar periodicamente dos obxectivos, avances ou aspectos relevantes que presente o neno/a durante o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Informar sobre as asociacións ou institucións que faciliten recursos e asesoramento para o alumnado con NEAE.
- Tendo en conta a nova situación todo o relacionado coa coordinación centro/familias/recursos externos será prioritariamente a través das seguintes canles:
 - Entrevistas telefónicas.
 - Vídeo chamadas
 - Correo electrónico
 - Abalar
 - Aula virtual

8.5.3. Obxectivos respecto ao alumnado:

- Favorecer o emprego da aula virtual co alumnado que acuda a AL co fin de formar ao noso alumnado no ensino non presencial en caso de que se volva a interromper a actividade académica presencial como consecuencia dun abrocho.

- Garantir a continuación do proceso de ensino/aprendizaxe en caso de suspensión da actividade lectiva.
- Seguir empregando a aula virtual para garantir a continuidade do proceso de ensino aprendizaxe en caso de que sexa preciso.
- Levar a cabo unha avaliación inicial tendo en conta os datos achegados co fin de establecer con precisión o nivel de partida do alumnado. Nesta avaliación teranse en conta os datos do neno/a e do contexto, tanto escolar como socio-familiar.
- Realizar intervencións específicas co fin de facilitar a recuperación das dificultades que presenten na linguaxe oral e/ou escrita tanto a nivel comprensivo como expresivo.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- Procurar a integración do alumnado con NEAE no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada, de calidade e igualdade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Potenciar as aprendizaxes básicas relacionadas co ámbito comunicativo-lingüístico:
 - ✓ Valorar a importancia da linguaxe como medio de comunicación.
 - ✓ Valorar e incidir no desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-emocional e social do alumnado con NEAE.
 - ✓ Adquirir unha actitude cooperativa.
 - ✓ Iniciarse na aprendizaxe e dominio da lecto-escritura.
 - ✓ Xeneralizar as aprendizaxes do ámbito comunicativo-lingüístico: dramatizacións, cancións, trabalinguas, adiviñas e xogos.

Así como calquera outro obxectivo que se nos poida encomendar respecto ó alumnado con NEAE e tendo en conta a situación actual.

8.5.3.1. Obxectivos específicos na intervención de alumnado con neae.

- Mellorar os procesos cognitivos básicos (atención, percepción, memoria e razoamento) e funcións executiva.
- Potenciar a relaxación global e segmentaria (órganos que inciden na fala).
- Conseguir unha correcta respiración costo-diafragmática-abdominal, co aumento da capacidade torácica-pulmonar e do control do sopro espiratorio-bucal.
- Mellorar a discriminación auditiva e fonemática, e a memoria auditiva secuencial (sons, fonemas, palabras e frases).
- Mellorar a tonicidade e mobilidade dos órganos fonoarticulatorios (praxias bucolinguofaciais, maxilares e velares) para unha axeitada articulación fonemática.
- Mellorar a comprensión e expresión oral e escrita.
- Iniciar, adquirir e mellorar a lectoescritura.
- Dominar hábitos básicos de autonomía, autoestima e de conduta persoal.
- Xeneralizar as aprendizaxes obtidas a outros contextos e situacións socio-comunicativas.

8.6. CONTIDOS ESPECÍFICOS DE AUDICIÓN E LINGUAXE

✧ **Prerrequisitos básicos para a adquisición da linguaxe:**

- ✓ Atención.
- ✓ Razoamento lóxico.
- ✓ Memoria.
- ✓ Percepción e discriminación visual.
- ✓ Ritmo.
- ✓ Imitación.
- ✓ Comunicación xestual comprensiva e expresiva.
- ✧ **Bases anatómico-funcionais:** relaxación, respiración e sopro, percepción e discriminación auditiva e fonemática, órganos da fonación e mobilidade dos órganos bucofonatorios.

✧ Dimensións da linguaxe:

FORMA:

- Compoñente fonético-fonolóxico
 - ✓ Rexistro fonolóxico:
 - * Adquisición da cadea fonolóxica (fonemas, ditongos).
 - * Articulación de sílabas inversas e trabadas.
 - * Articulación de grupos consonánticos (sinfóns)
 - ✓ Capacidade de imitación de onomatopeas.
 - ✓ Discriminación fonolóxica.
- Compoñente morfosintáctico:
 - ✓ Morfoloxía:
 - * Modificadores de xénero en número.
 - * Formas verbais regulares e irregulares.
 - * Comparativo e superlativos.
 - * Pronomes persoais.
 - * Determinantes: artigos, posesivos, adverbios...
 - * Concordancias de xénero, tempo, número...
 - * Nexos: conxuncións, preposicións...
 - ✓ Sintaxe
 - * Comprender e expresar ordes.
 - * Oracións simples: afirmativas, negativas, interrogativas...
 - * Oracións subordinadas.
 - * Oracións comparativas.

CONTIDO:

- Compoñente semántico.
 - ✓ Ámbito léxico-semántico
 - * Vocabulario básico.
 - * Sinónimos e antónimos.
 - * Homónimos.
 - * Familias léxicas.
 - * Polisemia.
 - * Comprensión de ordes, narracións...
 - * Expresión de diferenzas e semellanzas...

USO:

- Ámbito pragmático
 - * Saúdos e despedidas.
 - * Funcións da linguaxe de Halliday.
 - * Fórmulas de cortesía.
 - * Quendas de conversa.
 - * Imaxinar, describir, narrar...
- Procesos de codificación e decodificación lingüística, comprensión e expresión de mensaxes orais e escritas.
- A conciencia fonolóxica: léxica, silábica e fonémica.

Para ofrecer unha resposta educativa axeitada á diversidade de alumnado, seleccionáronse en cada intervención educativa aqueles obxectivos e contidos imprescindibles para aqueles aprendizaxes posteriores e que van a contribuír ao desenvolvemento das Competencias Básicas. Terase en conta o grao de dificultade e o alumnado no momento de establecer a secuenciación dos contidos e tarefas. Esta selección de obxectivos estará recollida nos Programas de Intervención Individuais para cada un dos alumnos que o precisen, así como da metodoloxía específica en cada caso particular, xunto cos recursos e materiais a empregar.

8.7. METODOLOXÍA

Unha vez que se concretan as necesidades dos alumnos/as e do centro e os obxectivos que se pretenden acadar, é fundamental establecer pautas de actuación que guiarán a nosa labor docente e permitirán, deste modo, alcanzar os obxectivos propostos.

Para atender aos alumnos/as que presentan NEAE relacionadas coa comunicación e a linguaxe será necesario axustar a metodoloxía ás características e peculiaridades do neno/a.

Como **pautas metodolóxicas xerais**:

- Baseándonos na perspectiva do construtivismo, constátase que os alumnos/as aprenden máis e mellor cando participan activamente na súa propia aprendizaxe, así que fomentárase unha metodoloxía activa, participativa, globalizada e lúdica nun ambiente de afecto e confianza favorecendo a súa autonomía.
- Favorecer a estruturación e anticipación tanto de espazos como de tempo, empregando entre outras metodoloxías como a Teach baseándonos nos principios do Peana.
- Dar importancia ao desenvolvemento da linguaxe en xeral e non soamente a unha correcta articulación.
- Fomentar o traballo cooperativo xunto co resto de compañeiros/as que tamén traballan co neno/a como é o titor ou outros especialistas como PT, música, E.F....
- En concreto, como especialistas en AL, para axudar a superar as dificultades dos alumnos/as ofrecerei as axudas táctiles, visuais e auditivas que o neno/a precise para progresivamente ilas desvanecendo. En todo momento, intentarase que as actividades vaian do máis simple ao máis complexo e que favoreza a motivación, a creatividade e o interese do alumno/a, procurando en todo momento a xeneralización das aprendizaxes.

Ademais das **estratexias dirixidas** ao alumando debemos deseñar outras coa finalidade de conseguir a colaboración e cooperación con outros profesionais implicados cos nosos alumnos/as e coas familias. En relación **aos familiares** propoñemos:

- Pautas e recomendacións para informar/orientar sobre cuestións comunicativo-lingüísticas.
- Ofrecer expectativas reais sobre a opción de tratamento a realizar en cada caso.
- Manter entrevistas coa familia e profesores/as, para elaborar unha historia o máis completa posible e informarlles do proceso evolutivo do alumno/a.
- Colaboración do DO. na elaboración das pertinentes avaliacións psicopedagóxicas e medidas curriculares e organizativas que se estimen oportunas.
- Manter unha comunicación fluída cos profesionais implicados (tanto internos como externos). Establecendo reunións periódicas co fin de intercambiar información e tomar decisións favorables para cada alumno.

A continuación é interesante resaltar aquelas **estratexias metodolóxicas** que se levarán a cabo **nos programas de intervención específicos** como son:

- Procedementos de linguaxe verbal e non verbal a través do tratamento das intelixencias múltiples.
- Vivencia e percepción dos distintos órganos anatómicos do noso corpo, especialmente dos órganos bucofonatorios.
- Vivencia e percepción dos nosos sentidos.
- Conciencia da relaxación, da respiración e a motricidade corporal.
- Coñecemento e realización de técnicas estratéxicas para a exercitación dos órganos que interveñen na fala.
- Contexto especialmente lúdico.
- Identificación de contidos emocionais proxectados nos diferentes órganos da fala.
- Estimulación polisensorial dos distintos ámbitos comunicativo-lingüísticos adaptándose ás dificultades e necesidades de cada alumno/a.
- Crear un ambiente axeitado: cómodo, estimable, espazo adaptado, materiais acordes ás actividades e ao alumn@ e á situación comunicativa.

- Potenciación da autoestima e a emocionalidade positiva.

8.8. TEMPORALIZACIÓN.

Esta programación está planificada para un curso tendo en conta que é un plan flexible que se pode e debe ir adaptando as necesidades, circunstancias e demandas que se orixinan na súa posta en práctica.

Como especialista en Audición e Linguaxe, establécense unha división das tarefas en función do trimestre no que nos atopemos. Así, durante o trimestre inicial:

- Avaliacións iniciais,
- Organización dos apoios en canto ao horario e os grupos flexibles,
- Establecer programas de intervención para o alumnado con NEAE,
- Manter as primeiras reunións con DO, CCP, Claustro e familias; así como a colaboración nas avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.
- Medidas de organización tendo en conta o plan de continxencia e os protocolos anteriormente mencionados como: dotación de recursos materiais específicos, organización do espazo, establecemento de grupos estables, limpeza e hixiene na aula, outros que poidan xurdir.

O segundo trimestre será unha fase de seguimento, onde se poñerá en práctica todo o planificado e avaliaranse os progresos do noso alumnado.

Finalmente, no terceiro trimestre realízase a avaliación final para corroborar se os obxectivos establecidos se levaron a cabo. Unha vez rematado este proceso, redactarase unha memoria final onde se plasme:

- O plan de actividades levado a cabo,
- Os progresos e dificultades que se detectaron e
- Propostas de mellora.

Tamén nos reuniremos cos distintos docentes coa finalidade de tomar decisións sobre as necesidades de determinados alumnos/as que non acadaron as aprendizaxes requiridas.

En canto á distribución das distintas sesións, intentarase establecer un horario acorde coas necesidades dos alumnos/as. Dito horario, caracterizarase pola flexibilidade, realizándose os axustes e modificacións que se consideren pertinentes. Seleccionar os horarios máis axeitados para cada alumnado/a en función dos horarios das aulas ordinarias, das posibilidades do seu rendemento e tendo en conta criterios xerais coma:

- Preferentemente o alumnado será atendido dentro da aula ordinaria. Tendo en conta as características das intervencións no ámbito da audición e linguaxe, algunhas das intervencións requiriran dunhas intervencións específicas fora de dita aula. Nestes casos teranse en conta os grupos estables de convivencia asignados no plan de adaptación.
- Priorizaranse as primeiras horas da xornada para os alumn@s máis pequenos.
- Terase en conta que os nenos non poden saír da aula ordinaria nas sesións das especialidades de Educación Física, Música, Inglés e Plástica.
- O horario da aula de A.L. será flexible para adaptarse ás modificacións que vaian xurdindo no alumnado (incorporacións e cesamento das intervencións) e nas súas necesidades cambiantes.

Dentro da resposta que dende este centro se da á diversidade presente nas aulas, fórmulanse diferentes programas.

Por un lado intervencións estables, propostas a longo prazo e determinadas de forma máis estática. Por outra banda, atoparemos intervencións temporais en función das necesidades e características do proceso de intervención que requiren. Aínda que con carácter xeral, as programacións son para un curso escolar é imprescindible formulalas de forma flexible e dinámica. Tendo en conta que a intervención cesa cando se alcancen e se teñan xeneralizados os obxectivos.

A comezos de curso propúxose a seguinte temporalización de apoio ó alumnado, aínda que debemos sinalar que estas serán flexibles en función das necesidades que vaian xurdindo:

5º de Educación Infantil	5 sesións
1º de Educación Primaria	2 sesións e 2 medias sesións
2º de Educación Primaria	4 medias sesións
3º de Educación Primaria	11 sesións e 2 medias sesións

4º de Educación Primaria	2 medias sesións
5º de Educación Primaria	2 sesións

8.9. RECURSOS

Recursos persoais: traballarase conxuntamente con todo o profesorado do centro, titores/as, persoal Directivo, especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) e Orientadora do Centro e familias e os propios alumnos/as.

Tamén contamos cunha serie de recursos externos ó centro como o Equipo de Orientación Específico (EOE), a Inspección Educativa, o Centro de Formación e Recursos (CEFORE), as distintas Delegacións (Educación, Familia, Sanidade,...), o Concello, Atención Temperán, ASPANAES...

Recursos espaciais: aula de A.L. e demais instalacións do centro educativo.

Recursos materiais: contará con material específico de logopedia como espello, material de sopro, respiración e praxias, material de elaboración propia ou material comercializado como "Xogando cos sons", "Fonodil", "Fotoloto sonoro", "Cicerón", "Erre que Erre", "Enséñame a hablar", "Cuentos para hablar", lotos fonéticos ,gravadora, entre outros. Así como material ordinario como xogos, mesa de luz, actividades de robótica, etc.

8.10. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

Nun primeiro momento realizase unha avaliación inicial, na que se empregan probas estandarizadas (Rexistro Fonolóxico Inducido, ELCE...), probas non estandarizadas (avaliación da linguaxe repetida, dirixida e espontánea) e a avaliación da súa linguaxe no entorno habitual. Esta avaliación danos pautas para a elaboración da intervención, a cal será individualizada para cada alumno/a, xa que cada un/ha deles/as terá unha N.E.A.E. diferenciada que debemos responder axeitadamente para que poidan ser superadas.

O longo de todo o proceso de intervención realizamos unha observación sistemática e unha avaliación continua dos progresos e dificultades dos nenos/as (Observación, caderno audición e linguaxe, información familias...). A evolución da intervención quedará plasmada na información trimestral, adxunta aos programas de intervención así como tamén se trasladará aos titores e titoras nas sesións de avaliación en cada trimestre.

Unha vez finalizado o tempo para o que se realizou o programa aplicamos de novo probas de valoración para comprobar os progresos e, se é preciso, continualo, realizar os cambios pertinentes ou dar por finalizada a intervención.

Neste último caso programamos un seguimento quincenal en principio e mensual a continuación ata a xeneralización do traballado na aula de AL. O seguimento realizarase de forma coordinada co titor/a da aula ordinaria, do D.O. e a familia

Carla María Aneiros Pedreiras
Mestre especialistas en Audición e Linguax

ANEXO I: PLAN XERAL ANUAL DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

INDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS
4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE
 - 4.1. PROTOCOLOS EDUCATIVOS
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS
 - 5.1. PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 5.2. CRITERIOS SOBRE REFORZO EDUCATIVO
 - 5.3. CRITERIOS PARA RECIBIR APOIO EDUCATIVO (P.T. E A.L.)
 - 5.3.1. CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA ASISTIR Á AULA DE APOIO DE A.L.
 - 5.4. EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR
 - 5.5. CRITERIOS NA DECISIÓN SOBRE A NON PROMOCIÓN DO ALUMNADO
6. METODOLOXÍA DE TRABALLO E RECURSOS
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.
9. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

1. INTRODUCCIÓN

Este plan é o documento no que se articula á atención á diversidade para dar resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado do centro. A atención a diversidade é un dos grandes retos para o sistema educativo e en concreto para os centros escolares, require do axuste da intervención educativa ás necesidades reais do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade; o que esixe aos centros e ao profesorado, unha importante tarefa de reflexión e de traballo, xa que a atención á diversidade é tarefa de todos/as. Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a: aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, contornos sociais e culturais.

Estes aspectos conforman tipoloxías e perfís no alumnado que deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa. Dentro desta diversidade xeral, algún alumnado precisa dunha atención diferente á ordinaria. Por presentar necesidades educativas especiais (NEE: alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta); por retraso madurativo, por Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación; por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen máis ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio máis ou menos especializados, sempre desde os principios de normalización e inclusión. É por iso que priorizaremos as medidas ordinarias e soamente despois consideraranse as medidas extraordinarias, cando se valore e xustifique a súa necesidade. O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), que formará parte do Proxecto Educativo (PE), será o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención a diversidade do centro, no marco da Programación Xeral Anual (PXA). A base normativa na que se fundamenta aparece recollida no apartado de fundamentación legal do plan de orientación

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Por unha banda, contamos coa previsión de aneae feita polo departamento de orientación para este curso académico 2022/23 na que se recollen as necesidades que xa están identificadas e valoradas no curso pasado e que deben ser atendidas polo profesorado de apoio do centro neste novo curso.

Por outra banda, contamos coa avaliación inicial que é un instrumento básico para a detección e identificación de necesidades académicas entre o alumnado do centro unha vez iniciado o curso. Este instrumento contribúe ao coñecemento dos alumnos/as por todo o profesorado que lle imparte docencia e posibilita a toma de decisións para a adaptación das programacións de aula e para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumnado así como a avaliación dos coñecementos previos nas áreas curriculares. Os obxectivos que persegue son os seguintes:

1. Coñecer ao alumnado de cada grupo e os seu nivel de competencia curricular de partida.
2. Coñecer as características do grupo e a súa dinámica interna, para procurar unha mellora das relacións e as aprendizaxes.
3. Coñecer e tomar decisións respecto do alumnado que manifeste dificultades de aprendizaxe e precise de medidas de atención á diversidade.
4. Facilitar o coñecemento, por parte de todo o profesorado, das características e necesidades do alumnado ao que lle imparte docencia, así como das medidas de atención á diversidade que se aplicarán ao longo do curso.

A avaliación inicial debera realizarse no mes de setembro en todos os cursos, áreas e etapas e deberá estar rematada o antes posible para poder determinar as diferentes medidas de atención á diversidade. A identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e a resposta educativa constitúen procesos necesarios para adecuar as medidas e recursos educativos á diversidade.

Pero, ás veces, estas necesidades xorden ao longo do curso. Polo que convén estar atentos para poder dar a resposta educativa o mais axiña posible.

Ademais das necesidades dun alumnado que require unha atención singular e global para que lle dean unha resposta axeitada ás súas necesidades. Tamén nos atopamos con outras necesidades coma:

- Familias cunha crecente preocupación pola formación dos seus fillos que precisa e demanda, cada vez máis, asesoramento e apoio.
- Profesorado que precisa asesoramento e apoio para facer fronte aos novos retos que a sociedade e o ensino demanda e está aberto a iniciativas e á colaboración co Departamento de Orientación.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXETIVOS.

3.1. Con relación ao alumnado.

- Potenciar e desenvolver a orientación a todos os alumnos/as en función das súas características, capacidades e necesidades propias, facendo fincapé naqueles alumnos/as que precisen unha especial atención.
- Avaliación e revisión do alumnado con posibles problemas articulatorios na fala oral.
- Desenvolver programas e medidas de atención á diversidade.
- Facilitar apoio pedagóxico a aqueles alumnos/as que o precisen, colaborando na realización de AC, se fose o caso.
- Identificar ao ACNEAE, valorar a súa individualidade e participar nas actuacións permanentes.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten a toma de decisión e a adopción de medidas que respondan ás necesidades de todo o alumnado, optimicen a acción educativa e

contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas educativas.

- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá das necesidades.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto pola diferenza.
- Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular ao que presenta NEAE.

3.2. Con relación ao profesorado.

- Sensibilizar á comunidade educativa e, en especial, ao claustro da necesidade de colaboración de todos os sectores para acadar os obxectivos fixados e contribuír a unha maior calidade da ensinanza.
- Colaborar nos procesos de elaboración, aplicación e avaliación/revisión dos proxectos curriculares.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades e programas de formación, así como no intercambio de experiencias no ámbito da atención a diversidade.
- Coordinar, asesorar e dinamizar a acción tutorial.

3.3. Con relación á familia.

- Fomentar e facilitar a relación familia-titores para a busca de solucións ós problemas ou dificultades que todo o alumnado.
- Asesorar sobre as actividades levadas a cabo na escola e na educación dos seus fillos.
- Orientalos e informalos nos aspectos que resulten básicos para atender ACNEAE.

4.3. Con relación á comunidade educativa.

- Solicitar á intervención do E.O.E.
- Establecer canles de comunicación e participación con outros servizos e institucións: asistentes sociais, asociacións, médicos, etc.

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan. A continuación se recollen as medidas que se poden levar a cabo nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria.

Medidas ordinarias:

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. As medidas ordinarias de atención á diversidade que se poden levar a cabo no presente curso poden ser:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación
- Aulas de atención educativa e convivencia
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Programas de enriquecemento curricular

- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais

Estas serán expostas ao profesorado afectado, para que, asesorado polo departamento, desenvolvan o citado plan. A aplicación do programa ou plan no alumnado estará a cargo do titor/a ou profesores implicados dese curso obxecto do programa a realizar.

Medidas extraordinarias:

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. As medidas extraordinarias que se poden levar a cabo no presente curso no noso centro poden ser:

- Apoio do profesora de PT e / ou AL: A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Durante os meses de setembro - outubro este profesorado deberá realizar os Programas de Intervención do alumnado previsto para esta intervención, tanto si o apoio é dentro coma fora; Tamén deberán realizar os programas de intervención do alumnado que así o precise ao longo do curso; documentos todos eles, que deberán quedar arquivados no Departamento de Orientación. Do mesmo xeito, ao remate de curso deberán realizar un informe final de cada alumno/a en cuestión.
- Flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.
- Adaptacións curriculares, explicada con mais detalle no apartado 5.4 deste plan.
- Agrupamentos flexibles en 5º e/ou 6º de Educación Primaria, prioritariamente, nas áreas ou nas materias de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas. Trátase de agrupamentos temporais de como máximo 8 alumnos que deben permanecer nos mesmos a totalidade do horario semanal da área ou da materia.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente (hospitalaria, domiciliaria, virtual).
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición de linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular

ACTUACIÓNS:

- _ Coordinación entre etapas de E.Primaria e a ESO a través reunións oportunas coa xefa do D.O. do IES adscrito, realizaranse al menos unha vez por trimestre .
- _ Colaboración con asociacións que teñan convenio coa consellería, coa finalidade de dar respostas sociais a colectivos en situación de resgo e exclusión social.
- _ Cantas outras actuacións se determinen para propiciar a calidade e a equidade no ámbito da atención á diversidade.

PROGRAMAS:

- A) Programa de habilidades sociais nos cursos que así o precisen e sempre que sexan necesarios. O principal obxectivo é desenvolver o autocontrol, fomentar disciplina positiva e o seguimento de normas e hábitos de traballo.

- B) Programa de transición á ESO dirixido ao alumnado de 6º de E.P. Tratará de acercar e introducir ao alumnado da etapa de EP na nova etapa de secundaria dando a coñecer os institutos (organización, espazos...).
- C) Cantos outros planes se determinen para propiciar a calidade e a equidade no ámbito da atención á diversidade.

4.1. PROTOCOLOS EDUCATIVOS:

Un protocolo é un documento ou regulamento que indica cómo se debe actuar en determinados casos cando existe unha circunstancia especial do alumnado (NEAE, absentismo, atención temperá, accidentes, etc). Un protocolo é un recurso moi útil e de gran axuda para tódolos centros e familias dado que nel se aporta información sobre a circunstancia concreta e sobre as pautas e orientacións que nos poden axudar e guiar na intervención coas necesidades educativas coas que nos topamos. A Consellería de Educación facéndose eco disto elabora varios protocolos que debido a súa extensión non se poden incluír no PXAD. Sen embargo, se debemos facer referencia a eles e o profesorado non basta con ser coñecedor dos mesmos senón que debe deles para entender mellor e saber como actuar a tempo ante determinados casos.

Os PROTOCOLOS cos que actualmente contamos e que podemos atopar na páxina Educonvives.gal así como en Protocolos xunta, son:

- Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Estratexia Galega de convivencia escolar 2025.
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento educativo do Acoso escolar e Ciberacoso.
- Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo
- Procedemento corrector de condutas.
- Protocolo para a diabetes.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica no ámbito educativo. Addenda de atención ao alumnado con diabetes.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá
- Protocolo Educativo para a Prevención e o Control do Absentismo Escolar en Galicia

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

O criterio xeral adoptado céntrase en acadar unha resposta educativa individualizada e adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe dos alumnos/as a través das medidas curriculares e organizativas máis axeitadas a cada caso concreto.

5.1. PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

- Con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor, de acordo co correspondente protocolo de demanda, realizar a solicitude de avaliación psicopedagóxica á xefatura do departamento de orientación. cando se cumpra algunha das situacións descritas a continuación: a) Existencia

dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais. b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación. c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación. d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización. e) Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización

- En determinadas circunstancias, a solicitude ou demanda de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente.
- Nos casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica, será a dirección do devandito centro quen a demande á xefa ou ao xefe do departamento de orientación, e, no caso de alumnado matriculado noutro centro, solicitarase a información necesaria á xefatura de departamento de orientación do centro de procedencia
- O/A demandante da intervención reunirse co orientador, e cubrirá un cuestionario de demanda que permita coñecer de antemán as necesidades do alumno/a detectadas polo/a mestre/a ou familia.
- As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informadas da realización da avaliación psicopedagóxica, así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación. Destas informacións quedará constancia escrita.
- Na demanda de avaliación deberá acreditarse a información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno a modo de autorización para realizar a intervención dende o departamento de orientación. No caso de pais separados solicitarase a sinatura de ambos proxenitores. Así mesmo, cando a familia non estea de acordo coa realización da mesma tamén deberá asinar que non está de acordo e recollerá por escrito o motivo.
- Unha vez asinada e entregada no centro dita acreditación, o/a orientador/a procederá a realizar a avaliación psicopedagóxica pertinente.
- No caso de pais separados, cando un dos proxenitores non estea de acordo coa realización da avaliación psicopedagóxica, impedindo ou dificultando o proceso de intervención do Departamento de Orientación, solicitarase asesoramento á Inspección Educativa e actuaremos segundo as súas indicacións.
- A partir da información facilitada no protocolo de demanda, a xefatura do departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica da alumna ou do alumno e emitirá o correspondente informe psicopedagóxico.
- A xefatura do departamento de orientación informará o profesorado titor, e a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais dos resultados e das conclusións da avaliación psicopedagóxica realizada, así como da proposta educativa que se derive desta.
- No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente. O centro docente facilitaralles copia do informe solicitado; esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante, no expediente da alumna ou do alumno.

- O informe psicopedagógico resultante dunha avaliación psicopedagógica ten carácter revisable, polo que se actualizará en calquera momento da escolarización da alumna ou do alumno, cando se produzan modificacións significativas da súa situación. En todo caso, a avaliación psicopedagógica e o correspondente informe psicopedagógico revisaranse, como mínimo, ao comezo de cada etapa educativa.
- Os informes psicopedagógicos teñen carácter confidencial, polo que levarán esa indicación en todas as páxinas. O orixinal ou unha copia auténtica arquivaranse no expediente escolar da alumna ou do alumno.
- Tal e coma se recolle no Protocolo de Protección de datos: O coñecemento e custodia da información psicopedagógica corresponde á xefatura do departamento de orientación, polo que non poderá nin deberá facilitar ao equipo docente máis datos que os estritamente necesarios para que exerza a súa función educadora. Así, dará traslado das necesidades educativas especiais ou específicas de apoio educativo do alumnado pero, salvo necesidade manifesta do seu coñecemento para o proceso educativo, gardará reserva sobre aqueles datos excesivos como o grao exacto de discapacidade, cuestións do contorno familiar que afecten a terceiras persoas, informes de servizos sociais, diagnóstico preciso, etc.).
- Así mesmo, as persoas que, por razón do seu cargo ou función, teñan coñecemento do contido do informe psicopedagógico están obrigadas a gardar o correspondente sigilo, conforme o establecido no punto ñ) do artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Sempre que se considere necesario, solicitarase asesoramento á Asesoría Xurídica e á Delegada de Protección de Datos.

5.2. CRITERIOS SOBRE REFORZO EDUCATIVO

- O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.
- As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.
- O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.
- Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado e tamén en XADE. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo do anexo I da Orde do 8 de setembro de 2021.

5.3 CRITERIOS PARA RECIBIR APOIO EDUCATIVO (P.T. e A.L.)

- Dita medida educativa debe estar recollida no informe psicopedagógico do alumno/a polo tanto senón conta con informe psicopedagógico non se pode recibir apoio destes especialistas por tratarse dunha medida extraordinaria.

- As prioridades para levar a cabo os apoios en PT e AL se establecen en función da necesidade do caso, **quedando establecidas do seguinte xeito:**

1º.-Alumnos con necesidades educativas especiais permanentes.

2º.-Alumnado obxecto dunha ACS (Adaptación Curricular Significativa).

3º.- Alumnado con neae que conte con informe psicopedagóxico.

3º.-Alumnado que permanecen un curso máis nun nivel educativo.

4º.-Alumnado con materias instrumentais suspensas e que presentan dificultades de aprendizaxe.

5º.-Alumnado de cursos inferiores que inicien o aprendizaxe da lectoescritura e presenten dificultades.

Con respecto aos puntos 4º e 5º dicir que este alumnado, primeiro, deberá seguir un programa de reforzo e recuperación elaborado polo mestre/a ou titor/a tal e coma establece a orde de avaliación de Educación Primaria.

- Solicitarase cada curso unha autorización por parte das familias conforme están de acordo con esta intervención (PT E AL). Naqueles casos nos que a familia non quere apoio destes especialistas, pese as recomendacións do Departamento de Orientación, tamén deberán asinalo.

- O emprazamento deste tipo de apoio será, na medida do posible, dentro da aula ordinaria atendendo á normativa vixente. E realizarase fora da aula, en casos debidamente xustificadas en función das neae do alumnado.

-As intervencións do profesorado de apoio levaranse a cabo nas áreas instrumentais (Lingua castelá, lingua galega e matemáticas) en función das necesidades e aproveitamento, procurando que o alumnado obxecto de tal medida asista a educación física, lingua estranxeira (inglés), música e relixión para propiciar a inclusión, socialización e integración.

-As sesións abdicadas ao apoio por parte do profesorado especialista en P.T. e A.L. dependerá das posibilidades de organización horaria e dos recursos do centro que, moitas veces, son insuficientes para satisfacer as demandas.

- A distribución horaria será variable segundo a evolución dos alumnos e a dinámica do centro.

- A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións no curso

O alumno susceptible de reforzo educativo e que, non puidesen recibir ou non se considerase necesario o apoio especializado, recibirán este apoio por parte do propio profesor titor ou de profesores preferentemente do mesmo nivel.

O Xefe do Departamento de Orientación realizará un seguimento destes alumnos de forma coordinada co profesorado de apoio (P.T. e A.L.), asesorando sobre a resposta educativa máis axeitada e realizando/actualizando a avaliación psicopedagóxica cando sexa necesario

5.3.1.CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA ASISTIR Á AULA DE APOIO DE A.L.

1. Os alumnos deberán ser valorados polo orientador do centro, de ser o caso coa colaboración do especialista en A.L. e, cando proceda, emitir o correspondente informe.

2. Se a demanda fose moi elevada teranse en conta como criterios prioritarios a gravidade do problema e a atención temperá. Na etapa de E.I., no caso de dislalias, inmadurez ou pobreza de vocabulario, será de atención preferente o alumnado a partir de 5 anos.

3. Os nenos que necesiten a recuperación concreta dalgún fonema, asistirán soamente durante o tempo necesario para a recuperación do fonema.

4. Cando un alumno supere o seu problema será dado de alta na atención individualizada.

Durante todo o curso cabe a posibilidade de variar o número de alumnos/as que reciban apoio, segundo as necesidades.

5.4. ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

1- Intervención da titoría: que dificultades atopa o titor ou titora e que medidas de atención á diversidade emprega para axudar ao alumno ou alumna.

2- Realización da avaliación psicopedagóxica previa.

3- Realización dunha reunión do titor ou titora, co departamento de orientación e as familias facendo constar nunha acta os acordos aos que chegan e na que se acorda realizar a AC.

4- Reunión coordinada polo xefe de estudos dos profesionais implicados á que asisten o titor ou titora, os profesores/as que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica. Nesta reunión decidiranse aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

5- A adaptación curricular elaborárase a desenvolverase, agás casos excepcionais, no contexto educativo ordinario. O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do mestre/a que imparte a área ou materia ao alumno/a, co asesoramento do orientador/a, do EOE ou de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a.

6- Na adaptación curricular se recollerán os resultados da avaliación psicopedagóxica do alumno/a, atendendo aos apartados que se axuntan no anexo II, expediente de adaptación curricular, da orde de 8 de setembro de 2021.

7- A duración da adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado o alumno ou a alumna.

8- Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do servizo territorial de Inspección Educativa.

9- Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

10- A ACS precisa a autorización da inspección educativa.

11- As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

5.5. CRITERIOS NA DECISIÓN SOBRE A NON PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Para decidir sobre a promoción do alumnado ao curso seguinte teranse en conta o lexislado con respecto a avaliación en EI e EP. Así como, os criterios de promoción aprobados polo claustro do profesorado que se concretan na concreción do centro así coma nas distintas programacións de nivel.

6. METODOLOXÍA DE TRABALLO E RECURSOS

O método empregado fundaméntase na colaboración e coordinación cooperativa de todo o profesorado que incide no proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as que presenten necesidade específica de apoio educativo.

O deseño de estratexias de traballo, metodoloxía, seguimento e avaliación do alumnado e do proceso, serán abordadas de forma coordinada. Tamén se potenciara a colaboración e coordinación coas familias.

RECURSOS PERSOAIS

- Titores
- Profesorado de apoio (P.T. e A.L.)
- Profesora de apoio a educación infantil.
- Outras especialidades
- Equipo directivo
- Orientador
- Servizos externos: ASPANAES, EOE, asociacións coas que está en contacto o acnee, Concello, servizos sanitarios e outras institucións.

RECURSOS MATERIAIS

- Materiais da aula ordinaria.
- Cadernos de reforzo do Departamento de Orientación.
- Materiais elaborados polo profesorado de apoio.
- Material específico para a aula de apoio.
- Recursos tecnolóxicos (software específico para traballar os problemas de linguaxe)
- Material psicopedagóxico para avaliacións empregado pola orientadora.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

No CEIPP A Fraga realizaranse as xuntanzas do Departamento de Orientación mensualmente en horario de tarde, concretamente o terceiro luns de cada mes. Ademais a xefa do DO reunirse

individualmente cos/coas PT e AL unha hora semanal, por mor de solventar continxencias que atinxen ao ANEAE.

De ser preciso, convocaranse reunións cos/as titores/as e representantes da comunidade educativa, para acadarmos un maior grao de efectividade no tratamento das NEE.

Este Departamento ademais estará coordinado co D.O. do instituto adscrito no que continuarán os estudos o noso alumnado, de tal xeito, que procuraremos reunirnos polo menos unha vez ao trimestre. Tamén colaboraremos co Equipo de Orientación Específico cando sexa necesario ben por vía telefónica, correo ou mesmo de forma presencial.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Manteremos tamén, na medida do posible, a colaboración con diferentes asociacións e entidades sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa, establecendo actuacións comúns que favorezan unha mesma liña de traballo. Sempre coa autorización das familias.

E se tomarán medidas para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que os axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros. Todos os luns haberá titorías pola tarde.

Ademais haberá comunicacións telefónicas, a través de abalar, a aula virtual, por correo electrónico e/ou todos aqueles medios que se consideren precisos para estar en contacto coas familias.

9. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

A súa finalidade é tomar decisión en relación ao seu deseño e desenvolvemento, é dicir, determinar a súa eficacia e introducir as modificacións oportunas para a súa mellora. Participarán na avaliación do plan: profesores/as, alumnos/as e familias. Pero será o equipo directivo o responsable do seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.

Para a recollida de datos será necesario arbitrar distintos momentos e métodos de recollida de información coma reunións de pais, CCP, xuntas de avaliación, actas de avaliación, cuestionarios... Os datos recollidos deberán permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos plantexados e os problemas específicos relacionados coa súa implementación.

A avaliación do plan levarase a cabo en momentos diferenciados:

- Dunha forma periódica reunirse o departamento de orientación para analizar a marcha das diferentes actividades, medidas e programas propostos para este curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Facendo unha revisión trimestral de ditas actividades.

- Ao final do curso, en base aos datos do proceso de seguimento e avaliación, se elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á diversidade, establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora para o vindeiro curso. Esta memoria integrárase na memoria anual do centro e nela quedarán reflectidas alo menos a seguinte información:

- Modificacións introducidas ao longo do curso.
- Información dos diferentes niveis educativos aportada polos coordinadores.
- Información aportada polos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Información aportada polo Orientador/a.
- Propostas de mellora.

ANEXO II: PLAN DE ACOLLIDA

INDICE:

1. XUSTIFICACIÓN
2. OBXECTIVOS
3. MEDIDAS DE ACTUACIÓN
 - TOMA DE CONTACTO
 - ENTREGA DE DOCUMENTO
 - ESCOLARIZACIÓN
 - PROBAS AVALIACIÓN INICIAL
 - VALORACIÓN DE RESULTADOS AVALIACIÓN
 - AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA
 - ENTREVISTA TITOR/A –FAMILIA

4. INCORPORACIÓN Á AULA: PRIMEIRO DÍA DE CLASE
 - PREPARACIÓN
 - RECEPCIÓN
 - PRESENTACIÓN E RELACIÓN COS COMPAÑEIROS
 - ALGUNHAS PAUTAS
5. O ALUMNO TITOR-FUNCIÓNS
6. ACTIVIDADES
7. AVALIACIÓN DO PLAN

1. XUSTIFICACIÓN

- Facer que os primeiros días no centro sexa unha situación máis agradable e máis humana.
- Lograr con facilidade a súa integración escolar, respectando a diversidade sociocultural dos países de procedencia .

2. OBXECTIVOS

- A) Diseñar e poñer en práctica as respostas educativas que precisa este alumnado.
- B) Favorecer unha adaptación progresiva ao centro.
- C) Conseguir que os pais e o propio alumnado estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- D) Fomentar actitudes de respecto cara a este alumnado e facilitar o proceso da súa de Integración.

3. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

3.1 Toma de contacto co centro.

O primeiro contacto prodúcese cando os pais ou tutores legais do alumno/a achéganse ó centro para a súa matrícula. Nesta primeira toma de contacto, un membro do equipo directivo informaralles da documentación necesaria para formalizar a matrícula. Tamén se debe aproveitar para ensinalles as instalacións máis representativas do centro : a aula, biblioteca, instalacións, secretaría, dirección e departamento de orientación.

3.2 Entrega de documentos

- Entregar folleto informativo sobre organización do centro (guía do curso)
- Sinalar entrevista inicial co titor/a e/ou orientador. A esta primeira entrevista deberían acudir o pai e nai e o alumno para que o coñeza o titor/a.

3.3. Escolarización

Escolarízase, segundo os criterios contemplados na orde do 8 de setembro de 2021, con carácter xeral de acordo co procedemento xeral de admisión. O curso no que se incorporará inicialmente determinarase tomando en consideración a súa idade así como o nivel máis axeitado para dar resposta ás súas necesidades educativas, pero en ningún caso se producirá a incorporación do alumno nun curso inferior ós dous anteriores ó que lle correspondería por idade.

3.4. Probas de avaliación inicial

O titor realizará unha avaliación inicial e o Departamento de Orientación una exploración inicial para comprobar o nivel de competencia curricular do/a alumno/a, co obxecto de realizar a escolarización no curso máis apropiado.

Os aspectos avaliados son:

O vocabulario básico avalíase a través de láminas "¿Que están facendo?" "¿Que é isto?"

O seguimento de instrucións pretende avaliarse a través das ordes que se lle dan o alumno/a o comezar a proba, do tipo: "Podes pasar a..." "Séntate na cadeira" "Completa esta ficha"...

Para a avaliación do nivel de lectoescritura aplicaranse as seguintes probas: lectura de letras, palabras, un ditado e unha lectura comprensiva.

Para a avaliación de matemáticas hai unha serie de operacións de cálculo que se consideran representativas de diferentes niveis de dificultade e que nos darán un índice aproximado dos coñecementos adquiridos polo alumno/a.

Estas probas poderán axustarse en función do país de procedencia do/a alumno/a e, por tanto, da linguaxe do país de orixe.

3.5. Valoración dos resultados da avaliación inicial.

Con todos os datos, elabórase un informe de avaliación inicial no que, se é o caso, propoñeráse ao alumno/a para que sexa incluído dentro do Programa de Atención á Diversidade.

3.5. Realízase avaliación psicopedagóxica no caso de que se detectaran n.e.e. ou altas capacidades.

3.6. Entrevista do titor/a coa familia

Comunicaráselle as medidas que se van a tomar, material necesario, grupo o que se vai a incorporar. Tamén se lles debe informar sobre a existencia dos servizos sociais do concello, por se non coñeceran a atención que poden atopar.

4. INCORPORACIÓN A AULA: O PRIMEIRO DÍA DE CLASE

Debemos ter presente que unha rápida integración do alumnado que chega de fóra dependerá en boa medida de como se sinta acollido, de como se lle facilite o desenvolvemento e de como se relacione os primeiros días cos seus compañeiros e co seu titor/a.

4.1 Preparación:

O/A titor/a repasará antes do primeiro día todos os datos obtidos nas entrevistas (situación familiar, condicións culturais...) tratando de facerse cargo das posibles dificultades. Se é posible, preparará tamén o grupo clase falando do novo compañeiro/a e estimulando para unha acollida positiva.

4.2. Recepción:

Dependendo da idade do alumno ou doutros factores que se consideren importantes (descoñecemento da lingua...) poderá se aconsellable que un familiar acompañe o neno/a ata a aula.

4.3 Presentación e relación cos compañeiros:

- Presentalo ós compañeiros.
- Os compañeiros/as poden ir presentándose.
- Explicación das pautas e normas da clase e do centro.
- Horario e actividades que se propoñen.
- Asegurarse de que o alumno entende a información básica.

4.4. Algunhas pautas a ter en conta:

- Dirixirse á persoa directamente.
- Falar con frases sinxelas, pronunciando con claridade e non alterar as frases para facilitarlle a comprensión.
- Non dar por boas as frases incorrectas, pensando que xa fan bastante esforzo; axudarlles a que as completen ben.
- Reforzar a información verbal a través de xestos e imaxes, procurando entendelo e facernos entender e tamén intentar que el/ela se esforce (non traducirlle todo).
- Pedir os compañeiros que colaboren no tema da pronuncia; cambiar o mal dito polo correcto, de maneira que poida aprender por imitación.

5. O ALUMNO-TITOR: FUNCIÓNS

Durante os primeiros días de clase pode ser de utilidade que se lle asigne para sentarse o seu lado e axudarlle a un compañeiro ou compañeira, que sexa ben predisposto, acolledor e comunicativo e que pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase. A este compañeiro/a é ó que chamamos alumno titor. As principais funcións para realizar o alumnado titor son:

- Facilitar a integración do alumno/a, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
- Presentalo a outros compañeiros, profesorado, persoal non docente...
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar

- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo dependencias,....
- Colaborar co titor/a comunicándolle as dificultades que detecte.

6. ACTIVIDADES

A) *Actividades dirixidas ao alumnado procedente do estranxeiro*

- Informar sobre a comunidade que o acolle : costumes, horarios de traballo...
- Traballo con pouca carga verbal, preferencia a actividades que poidan ser realizadas con gráficos, manipulativos,....
- Actividades en grupo e traballo cooperativo.

B) *Actividades dirixidas a todo o alumnado.*

- Accións que favorezan a inmersión lingüística
- Actividades para coñecer o pais de procedencia, o idioma, a cultura, as costumes,.... do novo alumno.
- Actividades onde se prevea que pode participar.
- Os líderes apoiaran a súa integración.
- Actividades en grupo.
- Traballo cooperativo.
- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe, saúdos, despedidas, frases....
- Incorporar indicadores, carteis con vocabulario, ...
- Prensa: artigos seleccionados polo titor que fan referencia o pais de orixe.
- Ver e comentar cintas de vídeo (documentais ou películas) relacionados co pais de orixe.
- Localizar o seu pais no mapa, características importantes. (Capital, poboación, idioma,...)
- Se alguén coñece a lingua do novo alumno sentarase xuntos os primeiros días.

7. AVALIACIÓN DO PLAN

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Sensibilización da comunidade educativa sobre cuestións de interculturalidade.
- Suficiencia ou insuficiencia da información dada ás familias.
- Realización da avaliación inicial , probas.
- Agrupamentos e modalidades de apoio, A.C.S. e medidas de reforzo educativo.
- Repercusión e grado de aceptación do resto do alumnado do centro aos estranxeiros.
- Melloras que se incluírán no plan, modificacións.